

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-

ACTA Nº 5-2013 DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL

- DIA 25/04/2013-

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE).-

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

Concelleiros ausentes:--

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Agueda Bello Valdés

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr.Alcalde, reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican, coa asistencia da Interventora Municipal e da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo Sr.Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

- 1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**
- 2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.**
- 3.- DACION DE CONTA DA LIQUIDACION DO EXERCIZO 2012**
- 4.- DACION DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN POLA LEI ORGANICA 2/2012**
- 5.- DACION DE CONTA DA R.A. Nº 175/2013: Adhesión ao Convenio sobre vulnerabilidade nos desafiuzamentos.**
- 6.- APROBACION DOS PREGOS PARA A ADXUDICACIÓN DE 7 LICENZAS DE AUTO-TURISMO (E REGULARIZACIÓN DAS LICENZAS Nº 1 e 3)**
- 7.- DERROGACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE TELEFONÍA MÓBIL**
- 8.- MOCIONS DE URXENCIA.**
- 9.- ROGOS E PREGUNTAS**

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta Nº 4 Sesión ordinaria do día 04/04/2013

O Presidente preguntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Sae a concelleira Hadriana Ordoñez Otero.

Non habendo observacións ao respecto, polos votos a favor de 12 concelleiros presentes e 1 abstención da concelleira que se ausenta, dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda aprobada a acta citada.

Incorpórase a concelleira Hadriana Ordoñez Otero.

2- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/03/2013 ata o 31/03/2013, que comprenden os números 84/2013 ao 146/2013, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 5 da Sesión extraordinaria do día 12/03/2013
- Acta Nº 6 da Sesión ordinaria do día 26/03/2013

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- DACION DE CONTA DA LIQUIDACION DO EXERCIZO 2012

O Sr. Alcalde da conta da Resolución da Alcaldía nº 167/2013 de data 12/04/2013 pola que se aproba a liquidación do exercizo 2012 -que xa se ten enviado ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ese día- cuxo contido é o que segue:

<<Presentada a Liquidación do Orzamento do exercizo 2012 e informada pola Intervención Municipal en data 19/03/2013.

Vistas as facultades que en materia de aprobación da Liquidación me confire o artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como o artigo 90 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, polo que se desarrolla o capítulo primeiro do título sexto da citada Lei.

RESOLVO:

Primero: Prestar aprobación da Liquidación de Gastos e Ingresos do Orzamento do Concello de Rianxo correspondente ó exercizo 2012, que mostra o seguinte resumo:

a) Estado operativo

GASTOS ORZAMENTARIOS	IMPORTE (OBRIGAS RECOÑECIDAS)	INGRESOS ORZAMENTARIOS	IMPORTE (DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS)

1. Gastos de persoal	2.188.645,26 €	1. Impostos directos	1.884.446,42 €
2. Gtos bens ctes e serv.	2.389.450,91 €	2. Impostos indirectos	63.437,24 €
3. Gastos financeiros	146.302,72 €	3. Tasas e outros ingresos	1.173.111,13 €
4. Transfer. correntes	73.779,03 €	4. Transfer. correntes	2.748.093,64 €
		5. Ingresos patrimoniais	1.934,35 €
6. Inversións reais	336.354,61 €	6. Enaxen. invers. reais	0,00 €
7. Transfer. de capital	237.622,54 €	7. Transfer. de capital	526.547,69 €
8. Activos financeiros	0,00 €	8. Activos financeiros	0,00 €
9. Pasivos financeiros	1.053.244,09 €	9. Pasivos financeiros	1.226.295,56 €
TOTAL	6.425.399,16 €	TOTAL	7.623.866,13 €

b) Resultado orzamentario

1	DRN (cap 1-5)	5.871.022,88 €	ORN (cap 1-5)	4.798.177,92 €
2	DRN (cap 6-7)	526.547,69 €	ORN (cap 6-7)	573.977,15 €
3	Total operación non financeiras (1+2)	6.397.570,57 €		5.372.155,07 €
4	DRN (cap 8)	0,00 €	ORN (cap 8)	0,00 €
5	total activos financeiros(4)	0,00 €		0,00 €
6	DRN (cap 9)	1.226.295,56 €	ORN (cap 9)	1.053.244,09 €
7	Total pasivos financeiros(6)	1.226.295,56 €		1.053.244,09 €
8	Total DRN	7.623.866,13 €	Total ORN	6.425.399,16 €
9	RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO sen axuste (total DRN-Total ORN)			1.198.466,97€
10	Obrigas financiadas con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais			0,00 €
11	Desviacións de financiación imputables ao exercicio negativas			169.444,80€
12	Desviacións de financiación imputables ao exercicio positivas			478.253,19€
13	RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO AXUSTADO (9+10+11-12)			889.658,58€

c) Remanente de tesourería

DEREITOS PENDIENTES DE COBRO.

1. De Orzamento de Ingresos. Orzamento Corrente	375.616,25 €
2. De Orzamento de Ingresos. Orzamento Cerrado	977.494,59 €
3. De Operacións non Orzamentarias	1.367,56€
. MENOS: Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva (137.306,64) €	
TOTAL DEREITOS PENDIENTES DE COBRO	1.217.171,76 €

OBRIGAS PENDIENTES DE PAGO

1. De Orzamento de Gastos. Orzamento Corrente	731.463,17€
2. De Orzamento de Gastos. Orzamentos Cerrados	18.574,44 €
3. De Operacións non Orzamentarias	195.146,55 €
5. MENOS: Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva (52.162,62) €	

TOTAL OBRIGAS PENDIENTES DE PAGO 1.893.021,54 €

FONDOS LÍQUIDOS

TOTAL FONDOS LÍQUIDOS	1.341.563,56 €
RT Total =	1.665.713,78 €
Dereitos de difícil recadación =	-781.742,65 €
RTGFA =	- 197.032,66 €
RTGX =	686.938,47 €

Segundo: Dar conta ó Pleno desta liquidación correspondente ó exercicio 2012 e que se remita copia desta á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma en consonancia co previsto nos artigos 193.4 e 193.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 91 do Real Decreto 500/90.>>

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

4.- DACION DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN POLA LEI ORGÁNICA 2/2012

O alcalde da conta do informe emitido o día 31/01/2013 pola intervención municipal ao respecto cuxo contido se transcribe literalmente:

<<INFORME DE INTERVENCIÓN.

Asunto: Desenvolvemento das obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

D.Águeda Bello Valdés interventora do Concello de Rianxo (A Coruña) en relación ao asunto de referencia ten a ben emitir o seguinte

INFORME

No artigo 10 da Orde Ministerial HAP/2105/2012 pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, emite o presente informe, en referencia ao cuarto trimestre de 2.012 sobre os extremos sinalados na citada norma.

O sinalado artigo establece, no seu punto 1, a obriga de que a “Administración que conte cun plan de axuste acordado co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, durante a súa vixencia, deberá remitir ao mencionado Ministerio antes do quince de cada mes, no caso da Comunidade Autónoma e antes do día quince do primeiro mes de cada trimestre no caso da Corporación Local, información sobre, a lo menos, os seguinte extremos (...)”.

Así, contando este Concello cun plan de axuste ao abeiro do Real Decreto 4/2012, aprobado por acordo Plenario de data 30 de marzo de 2.012 e informado favorablemente polo Ministerio con data 30 de abril de 2.012, esta incurso na obriga de presentar a sinalada información.

Debese considerar , non obstante, que os formularios necesarios para dar cumprimento a información non estiveron dispoñibles ata o 16 de xaneiro, sendo así que, en todo caso, resultaría de imposible cumprimento o prazo marcado.

Por outra banda, as operacións de peche do exercicio non están rematadas aínda, se ben pódese falar xa de importes moi próximos ao mesmo, faltando por reflexa contablemente operacións de finais de exercicio. Así mesmo, o artigo 191 do Real decreto Lexislativo 2/2004 establece a obriga de ter liquidado o exercicio antes do 1 de marzo do ano seguinte, prazo que se estima perfectamente respectable mais a día de hoxe non constan efectuadas operacións de calculo de desviación de

financiación nin outras necesarias para a conformación dos estados de liquidación, remanente de tesourería e resultado orzamentario.

Coas citadas salvedades, traballase sobre os datos provisionais que arroxa a contabilidade a data de hoxe, como xa se sinala, moi cercanos aos definitivos e respecto dos que as variacións que puideran existir afectarán fundamentalmente ao capítulo I a VII de ingresos.

Os extremos sobre os que establece a citada norma que debe pronunciarse a Entidades son os seguintes:

- a) Avales públicos recibidos e operacións ou liñas de crédito contratadas identificando a entidades, total do crédito dispoñible e o crédito disposto.

O Concello de Rianxo non recibiu ningún aval publico nin concertou operacións ou liñas de crédito no último trimestre de 2.012.

- b) Débeda comercial contraída clasificada pola súa antigüidade e o seu vencemento. Igualmente, incluírase a información dos contratos subscritos con entidades de crédito para facilitar o pago a provedores.

O Concello de Rianxo non realizou este tipo de operacións no último trimestre de 2.012.

- c) Operacións con derivados

O Concello de Rianxo non realizou no último trimestre de 2.012 operacións deste tipo.

- d) Calquera outro pasivo continxente.

Tampouco constan operacións no último trimestre de 2.012.

- e) Análise das desviacións producidas no calendario de execución ou unha medidas do plan de axuste.

O plan de axuste ao que fai referencia o encabezamento deste informe contiña, sinteticamente, as seguintes medidas:

- 1) Pola banda dos ingresos prevíanse as seguintes:

- a. Prevíase un incremento do tipo impositivo do IBI e do IVTM para o exercicio 2.012 que foi levado a cabo. As repercusións de dito incremento, non poden ser analizadas a día de hoxe, porque os datos da recadación están pendentes de contabilizar.
- b. Prevíase un reforzo da eficacia da recadación executiva e voluntaria (asinamento de convenios de colaboración co ESTADO e/o CCAA). Neste caso , esta intervención descoñece a adopción dalgún tipo de medida.

- 2) Pola banda dos gastos prevíanse as seguintes:

- a. Redución de custes de persoal. Analizadas as obrigas recoñecidas no capítulo 1º (gastos de persoal) ao longo do exercicio 2011 (2.451.208,00 €) e 2012 (2.188.643,26 €) cúmprense as previsións do plan de axuste.
- b. Redución de celebración de contratos menores , esta intervención descoñece a adopción dalgún tipo de medida a este respecto.
- c. Respecto a redución dunha inversión prevista inicialmente, neste caso Paseo Marítimo de 146.700 €. Consta no orzamento do exercicio 2.012 unha incorporación de remanentes afectados por importe de 136.685,65 € correspondente ao proxecto 5F "Paseo Marítimo". A incorporación é obrigatoria xa que dito gasto esta financiado cun préstamo do exercicio 2.004, que no momento actual xa esta concertado e estanse asumindo as obrigas de pagos inherentes ao mesmo. O desestímulo da execución deste investimento non suporía a minoración da execución dos gastos de ningún dos vindeiros exercicios xa que o Concello de Rianxo xa esta facendo fronte as obrigas correspondentes ao Préstamo que financia esta obra.

- d. Outras medidas polo lado dos gastos. Considerase unha redución anual en gasto por transferencias correntes de 40.000 € dita redución foi efectuada.
- e. Estimación realista dos dereitos de dudoso cobro .Leváronse modificacións nos criterios de estimación dos dereitos de dudoso cobro ca aprobación do orzamento do exercicio 2.012 nas súas bases de execución. Ao día de hoxe non se pode valorar o impacto financeiro de tales medidas.

Informase, por último que respecto da obriga establecida no apartado 3 do artigo 10 da Orde Ministerial HAP/2105/2012 esta interventora esta a cubrir os modelos e formularios postos a disposición do Concello a través da Oficina Virtual das Entidades Locais baseándose nos datos que ofrece actualmente a contabilidade municipal, que como xa se sinalou non son definitivos por estar pendente de aplicación contable operacións de finais de exercicio e de realización dos cálculos de liquidación.>>

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

5.- DACION DE CONTA DA R.A. Nº 175/2013: Adhesión ao Convenio sobre vulnerabilidade nos desafiuzamentos.

O Alcalde da conta ao pleno corporativo, por estimarse de interese, da Resolución de Alcaldía nº 175/2013 polo que o Concello de Rianxo se adhire ao Convenio de colaboración asinado o 08/04/2013 entre o Consello Xeral do Poder xudicial, a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) sobre a DETECCIÓN DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE CON OCASIÓN DO LANZAMENTO DE VIVENDA UNIFAMILIAR E MEDIDAS DE CARACTER SOCIAL.

<< Visto o Convenio de colaboración asinado o 08/04/2013 entre o Consello Xeral do Poder xudicial, a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) sobre a DETECCIÓN DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE CON OCASIÓN DO LANZAMENTO DE VIVENDA UNIFAMILIAR E MEDIDAS DE CARACTER SOCIAL.

Estimando de interese a adhesión a este convenio debido a súa relevancia social nestes intres garantindo que as persoas en situación de especial risco de exclusión obteñan unha resposta sensible e axeitada dende as Administracións Públicas.

Esta Alcaldía, en exercicio das atribucións conferidas con carácter residual polo artigo 21 da Lei 7/1985 de bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro: Adherirse ao Convenio de colaboración asinado o 08/04/2013 entre o Consello Xeral do Poder xudicial, a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) sobre a DETECCIÓN DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE CON OCASIÓN DO LANZAMENTO DE VIVENDA UNIFAMILIAR E MEDIDAS DE CARACTER SOCIAL.

Segundo: Comunicar a presente resolución ao departamento municipal de Servizos Sociais e a Fegamp.>>

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

6.- APROBACION DOS PREGOS PARA A ADXUDICACIÓN DE 7 LICENZAS DE AUTO-TURISMO (E REGULARIZACIÓN DAS LICENZAS Nº 1 e 3)

O alcalde da conta da proposta sobre este asunto que se facilitou ao concelleiros e que literalmente di:

<<Este pleno corporativo acordou en sesión do 03.01.2012 a redución do número total das licenzas de autoturismo a 11, considerando a demanda existente como a nova realidade social provista de maiores comunicacións e medios de transporte. Todo ilo previa audiencia da Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras así como comunicación á Federación Galega de Taxis.

O regulamento municipal do servizo consta publicado no BOP do día 13/03/2012.

Posteriormente e previa convocatoria publica con aprobación das bases de adxudicación, outorgáronse 2 licenzas.

Estando vacante a titularidade de 7 das 11 licenzas existentes, procede efectuar convocatoria para a adxudicación destas, sen prexuízo da obtención polos novos titulares das autorizacións autonómicas para o servizo interurbano, caso de interesarlles.

Asemade, unha vez advertida pola Secretaria municipal a necesaria regularización do tempo de concesión das licenzas nº 1 e 3º - adxudicadas o ano pasado- en base á modificación operada recentemente no artigo 15.2 do Regulamento de Servizos das corporacións locais que muda a xurisprudencia ditada, como acontece coa STSX das Illas Baleares do 29/06/2006 que respaldaba a súa limitación temporal, voltando ao carácter indefinido das mencionadas licenzas recoñecido polo Tribunal Supremo (St.03/04/2002) cómpre telo en conta neste proceso dedicándolle unha cláusula especial para que os titulares, de interesarlles, podan convertelas.

De conformidade co estipulado no artigo 10 e seguintes do RD. 763/1979, do 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento nacional dos servizos urbanos de transporte en automóviles lixeiros e a ordenanza municipal reguladora (BOP nº 50, do 13/03/2012) cómpre ter en conta o seguinte:

- Para a prestación deste servizo ao público é condición indispensable estar en posesión da correspondente licenza da entidade local. (art.10 RD. 763/1979)
- Tramitación (art.10 RD. 763/1979) :
 - A solicitude de licenza formularase polo interesado acreditando as condicións persoais e profesionais do solicitante, a marca e modelo do vehículo e, de se-lo caso, a súa homologación e grupo polo que se solicita.
 - Rematado o prazo de presentación de proposicións examinaranse as presentadas no tempo e forma, e publicarase a relación de admitidos e excluídos, no Taboleiro de Editos e no Boletín Oficial da Provincia a fin de que os interesados e as Asociacións Profesionais de Empresarios e Traballadores poidan alegar o que estimen procedente na defensa dos seus dereitos no prazo de 15 días.
 - A Entidade Local resolverá sobre a concesión das licenzas a favor dos solicitantes con maior dereito acreditado.

No suposto de que a adxudicación de licenzas se realizara mediante concurso, o procedemento someterase ás normas de contratación local.

- Prelación na adxudicación: en favor dos condutores asalariados dos titulares das licenzas existentes, por rigorosa e continuada antigüidade.
- Servizo interurbano: consta informe da Dirección Xeral de Movilidade favorable ao número de autorización autonómicas sen prexuízo da solicitude polos que resulten adxudicatarios e lles interese para tal fin coa acreditación que corresponda (art.10 in fine RD. 763/1979)

Para o caso dos titulares actuais das licenzas de autoturismo nº 1 e nº 3 adxudicadas recentemente poderán acollerse ao carácter non temporal da concesión recollido nestes pregos simplemente coa presentación da solicitude de regularización e abono da diferenza da cuota coa xa ingresada na adxudicación anterior coa estipulada como mínima neste novo proceso, posto que os requisitos e a documentación xa o acreditaron no anterior proceso. De non acollerse a este proceso as licenzas manteranse nas condicións determinadas naquela adxudicación, isto é, limitadas ao prazo temporal de 5 anos.

Consta no expediente:

- providencia da Alcaldía.
- pregos que rexerán a adxudicación.

- informe da secretaria e intervención municipal.

Sendo de competencia plenaria a determinación da forma de prestación dun servizo, aínda que sexa impropio ou virtual, estímase que tamén a este órgano lle compete a aprobación dos pregos que rexerán a adxudicación das licenzas e permitan o seu funcionamento. Isto sen prexuízo de que se delegue a adxudicación das licenzas na Alcaldía, segundo a proposta da mesa de contratación e posterior recepción da documentación para a adxudicación que deberá achegar os adxudicatarios, para maior axilidade na súa concesión e poder cumprir co prazo de 5 días hábiles dende a recepción da documentación, tal e como determina o Rd.3/2011, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público. Delegación que se efectuará neste acto.

Velaí que se someta ao pleno corporativo a seguinte proposta de ACORDO:

Primeiro: Incoar o expediente e aprobar os seguintes pregos para a adxudicación en concorrencia de 7 licenzas de auto-turismo para a prestación do dito servizo de vehículos de aluguer sen aparello taxímetro no Concello de Rianxo (vid anexos), por procedemento aberto e concurso, tramitación ordinaria, e regularización do tempo da concesión das licenzas nº 1 e 3º.

Segundo: Dispoñer a apertura do procedemento e con ilo o prazo de presentación de proposicións por 26 días naturais dende o día seguinte á súa publicación no BOP e taboleiro de anuncios municipal, así como na páxina web. Asemade comunicárase á Asociación provincial do sector ou Federación Galega de Taxis para a presentación de posibles alegacións nun prazo de 15 días.

Terceiro: Unha vez transcorrido o prazo para presentación de proposicións, procederase á apertura das plicas pola mesa de contratación, chegado o caso, emenda da documentación e posterior avaliación dos que resulten admitidos. Unha vez avaliados os solicitantes, ordenaranse de xeito decrecente por puntuación e se formulara proposta pola Mesa de contratación á Alcaldía – órgano no que este Pleno efectúa delegación para este expediente e atribución concreta – en favor dos licitadores con mellor oferta para que a Alcaldía resolva a adxudicación das licenzas previo requirimento da documentación precisa para a adxudicación. Asemade comunicárase á Asociación provincial do sector ou Federación Galega de Taxis.

No tocante aos titulares das licenzas de autoturismo nº 1 e 3º, de presentar a solicitude de regularización co abono da diferenza, simplemente efectuarase declaración de conversión en licenzas sen limite temporal

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A ADXUDICACIÓN DE SETE -7- LICENZAS DE AUTO-TURISMO (E REGULARIZACIÓN DAS LICENZAS Nº 1 E 3) PARA A PRESTACIÓN DO SERVICIO DE VEHICULOS DE ALUGUER SEN APARELLO TAXÍMETRO NO CONCELLO DE RIANXO (A CORUÑA)

PRIMEIRA.–Obxecto do contrato.

Constitúe o obxecto do presente prego a adxudicación en réxime de concorrencia de SETE licenzas de autoturismo para o municipio de Rianxo, de conformidade coa Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, o Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres e o Real decreto 763/1979, do 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento nacional dos servizos urbanos de transporte en automóviles lixeiros, ordenanza municipal reguladora do servizo publicada no BOP nº 50, do 13 de marzo de 2012, e demais normativa aplicable.

Asemade procédese a regularización do tempo de concesión das licenzas nº 1 e nº 3 de conformidade coa modificación do Regulamento de servizos da corporacións locais, sempre que se abone a diferenza da cuota coa xa ingresada na adxudicación anterior coa estipulada como mínima neste novo proceso, posto que os requisitos e a documentación xa o acreditaron no anterior proceso. De non acollerse a este proceso as licenzas manteranse nas condicións determinadas naquela adxudicación, isto é, limitadas ao prazo temporal de 5 anos.

Ilo sen prexuízo das autorizacións que os adxudicatarios poden obter para a prestación do servizo interurbano polo órgano autonómico competente dentro do continxente que sexa autorizado e que é independente deste proceso.

SEGUNDA.–Procedemento de adxudicación.

A forma de adxudicación da licenza de autoturismo será o concurso con procedemento aberto, no que todo interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación, rexéndose o proceso de conformidade co RD 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público.

No tocante ás licenzas de autoturismo nº 1 e 3º habilitase aos titulares destas para acollerse á regularización do tempo de concesión presentando a solicitude e efectuando o abono do importe ao que se refire a cláusula primeira.

TERCEIRA.–Natureza da relación contractual.

A natureza da relación que vinculará ao adxudicatario coa licenzas de autoturismo co Concello de Rianxo, será a propia dun servizo de interese público obxecto de intervención administrativa mediante licenza regulado polo artigo 1 e seguintes do Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado polo Decreto do 17 de xuño de 1955.

CUARTA.–Duración da relación contractual.

A duración da concesión da licenza de autoturismo estipúlase INDEFINIDA, agás renuncia expresa do seu titular ou cando concorran algunha das causas que, contempladas nestes pregos ou na lexislación aplicable, dean lugar á retirada, caducidade ou revogación da licenza, por incumprimento, ademais do suposto de transmisión desta polo titular nos casos previstos no RD. 763/1979.

QUINTA.–Tipo de licitación.

O tipo mínimo de licitación fixada para a concesión da licenza será de 6.133,50 €

As proposicións dos licitadores/as que ofrezan unha cantidade inferior á establecida como tipo mínimo de licitación, serán automaticamente rexeitadas. (Unicamente quedan excluídos os titulares das licenzas nº 1 e nº 3 que abonaran a diferenza coa oferta xa abonada por estes na adxudicación pasada)

SEXTA.–Condicións de participación.

1. Serán requisitos para a presentación de proposicións polos interesados:

- a. Atoparse en posesión do permiso da clase B, así como da autorización para conducir os vehículos a que se refire o Regulamento Xeral de Conductores (BTP), expedido pola Xefatura de Tráfico.
- b. Estar en posesión do permiso municipal para conducir os vehículos afectos ao servizo de auto-turismo (para os conductores asalariados)
- c. Estar o corrente das súas obrigas tributarias co Estado, Comunidade Autónoma e facenda municipal e para coa Seguridade Social.
- d. Non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión, acreditado mediante certificado médico que así o indique.
- e. Non haber cometido delito algún durante os dous anos inmediatamente anteriores á data da solicitude.
- f. Non haber sido sancionado con anterioridade por falta cualificada grave ou moi grave.
- g. Non encontrarse incurso en ningunha das prohibicións para contratar conforme ao artigo 60 TRLCSP.
- h. Non ser titular doutra licenza de auto-turismo ou telo sido nos 10 anos anteriores e ser obxecto de revogación ou caducidade.
- i. Dispor da correspondente solvencia económica-financeira.

No caso de presentar solicitude as persoas xurídicas deberán asemade identificar os conductores que prestarán os servizos acreditando todos os apartados anteriores e achegando o compromiso da inscrición e cotización na Seguridade Social deste en concepto de asalariado, durante o período de prestación.

2. Deberán, así mesmo, acreditarse polos solicitantes as seguintes condicións específicas:

- No tocante ao vehículo:
 - Documento de titularidade dun vehículo da categoría de turismo, ou compromiso asinado de adquirilo no prazo de 30 días contados dende a data de notificación da adxudicación definitiva.
 - A capacidade máxima do vehículo será de cinco prazas, incluída a do conductor, debendo figurar esta capacidade máxima tanto no permiso de circulación como no certificado de características.
 - A antigüidade do vehículo non poderá ser superior a dos anos dende o seguinte a súa primeira matriculación-
- Ter cuberta a súa responsabilidade civil ilimitada polos danos que se causen con ocasión do transporte.

3. Para o caso dos titulares actuais das licenzas de autoturismo nº 1 e nº 3 adxudicadas recentemente poderán acollerse ao carácter indefinido de concesión recollido nestes pregos simplemente coa presentación da solicitude de

regularización (anexo v) e abono da diferenza da cuota coa xa ingresada na adxudicación anterior coa estipulada como mínima neste novo proceso, posto que os requisitos e a documentación xa o acreditaron no anterior proceso. De non acollerse a este proceso as licenzas manteranse nas condicións determinadas naquela adxudicación, isto é, limitadas ao prazo temporal de 5 anos.

SÉTIMA.–Presentación de proposicións.

1. Poderán presentar proposición para tomar parte no concurso calquera persoa física ou xurídica que acredite o cumprimento dos requisitos sinalados na cláusula Sexta. Tamén aqueles que acrediten a condición xurídica de conductor asalariado dos titulares de autoturismo do Concello de Rianxo, sempre que presten servizo con plena e exclusiva dedicación á profesión e cumpran os requisitos sinalados nestas bases.

2. Cada licitador non poderá presentar máis que unha proposición e para a obtención dunha única licenza.

3. A presentación de proposicións leva implícito a aceptación polo licitador destas bases.

OITAVA.–Lugar, prazo e forma de presentación de proposicións.

1. As proposicións deberán ser presentadas ou remitidas ao Rexistro Xeral do Concello de Rianxo, Praza de Castelao, nº 1, 15920 Rianxo.

2. As proposicións deberán ser presentadas no prazo de 26 días naturais dende o día seguinte ó de publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

3. As proposicións poderán presentarse por correo do xeito que establece o artigo 80.4 do R.D. 1098/2001, do 12 de outubro. Neste último caso, o licitador/a deberá xustificala data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano a remisión da oferta mediante fax ou telegrama. Sen estes requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Non obstante, transcorridos dez días naturais seguintes á indicada data sen que se recibira a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

NOVENA.–Contido das proposicións e documentación.

NOVOS LICITADORES

Os/as licitadores deberán presentar as súas proposicións en dous sobres pechados e no seu exterior figurarán as lendas: "sobre A" e "sobre B". En cada sobre deberá indicarse "CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE LICENZA DE AUTOTURISMO (TAXI) NO CONCELLO DE RIANXO", debendo identificarse o sobre, nome e apelidos/ razón social, número do D.N.I./ NIF e sinatura da persoa que presenta a proposición (en nome propio ou como apoderado).

Contido dos sobres:

Sobre A: DOCUMENTACIÓN

1. Os licitadores incluírán neste sobre a seguinte documentación (ANEXO I e II)

a) Identificación da persoa que presenta a proposición en nome propio ou como apoderado. (DNI, NIE, NIF,...)

No caso de presentarse como licitador unha persoa xurídica se achegarán ademais os estatutos da sociedade e apoderamento do asinante xunto co CIF

b) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público. Esta declaración deberá incluír expresamente a circunstancia de acharse ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias máis da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito, se esixa antes da adxudicación ó que vaia resultar adxudicatario do contrato.

c) Permiso de conducción de clase BTP, ou certificado da súa posesión.

d) Certificado médico acreditativo do esixido no apartado D da cláusula SEXTA.

e) Certificado relativo a non comisión de delito ningún durante os dous anos inmediatamente anteriores a fecha da solicitude.

f) Declaración xurada acreditativa dos extremos aos que se refiren os apartados F, G, e H da cláusula SEXTA.

g) Compromiso segundo o que o licitador:

- explotará a licenza persoalmente, en réxime de plena e exclusiva dedicación e de incompatibilidade con outra profesión, conforme ó modelo que se achega como anexo II destas bases.

- disporá dun vehículo da categoría de turismo que cumpra o esixido para a prestación deste servizo en titularidade no prazo de 30 días contados dende a data de adxudicación definitiva, e que a súa capacidade máxima será de cinco prazas, incluída a do condutor (o que de ser adxudicatario figurará no permiso de circulación e certificado de características do vehículo) e cunha antigüidade non superior a dous anos dende a primeira inmatriculación.
- concertará unha póliza de responsabilidade civil ilimitada polos danos que se causen con ocasión do transporte.
- h) Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica mediante informe dunha institución financeira relativa ós medios económicos cos que conta o licitador para facer fronte ao abono da licenza, á adquisición do automóbil, mantemento, reparacións. etc. (conforme ao anexo II)
- i) Numero de fax ou correo electrónico para comunicacións.

Debera indicarse para o fin de emenda da documentación, xa que logo de non facilitalo pode resultar imposible de cumprir vía correos cara o cumprimento da obriga legal de apertura do sobre B en 7 días naturais dende a apertura do sobre A.

2. Non se recollerá no sobre A ningunha referencia aos criterios de adxudicación (oferta económica ou o feito de que o vehículo sexa adaptado ou que é un condutor asalariado) posto que será motivo de exclusión.

Sobre B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA e OUTROS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Conterá unha soa proposición económica, asinada polo concursante/a ou persoa que o represente, Así mesmo incluírase neste sobre a documentación relativa aos demais criterios de adxudicación que se indican na cláusula seguinte, isto é aportación dun vehículo adaptado para persoas con discapacidade, redactada conforme ó modelo que figura como **anexo III** destes pregos.

No caso de condutores que aleguen a súa condición de asalariados ademais achegarán:

- Permiso municipal de condutor para servizos de auto-turismo.
- Certificado acreditativo dos titulares cos que prestara servizos, con indicación das datas de altas e baixas.
- Certificado de vida laboral completo.

TITULARES DAS LICENZAS Nº 1 E Nº 3 ACTUAIS

Para o caso dos titulares actuais das licenzas de autoturismo nº 1 e nº 3 deben presentar a solicitude de regularización (anexo V) e abono da diferenza da cuota coa xa ingresada na adxudicación anterior coa estipulada como mínima neste novo proceso, posto que os requisitos e a documentación xa o acreditaron no anterior proceso.

Concretamente:

- titular licenza nº 1: 8,50€
- titular licenza nº 3: 5.432,50€

DÉCIMA.–Criterios de adxudicación.

Para a adxudicación das novas licenzas valoraranse os seguintes criterios, co conseguinte baremo:

1. Aportación dun vehículo adaptado para persoas con discapacidade: 2 puntos.
2. Oferta económica: 0, 20 puntos por cada 50€ de incremento sobre o tipo de licitación. Máximo: 1 punto.

No caso de empate na puntuación total dirimirase este a favor do licitador que sexa condutor asalariado con mais dun ano de experiencia; de ser varios en tal condición, en favor do que acredite maior antigüidade. De persistir o empate, realizarase un sorteo entre os empatados para dirimir este.

En calquera caso, elaborárase un listado de todos os interesados excluídos indicando os motivos, e dos admitidos, que unha vez avaliados serán ordenados en atención á puntuación obtida de maior a menor e de haber empate indicárase o criterio polo que se outorga a prelación. Non servirá en ningún caso de lista de reserva unha vez determinados os de maior puntuación que se corresponda co número de licenzas ofertadas.

UNDÉCIMA.–Apertura de proposicións e clasificacións de ofertas.

A mesa de contratación que se recolle no **anexo IV** cualificará previamente os documentos presentados polos licitadores no sobre A, en tempo e forma, unha vez rematado o prazo de presentación das solicitudes.-

Se a mesa, achase erros materiais na documentación presentada poderá conceder, se así o estimase, un prazo máximo de tres días naturais para a súa emenda, o que será comunicado por fax ou correo electrónico que sexa facilitado polo interesado. Aquelas ofertas con documentación defectuosa, entendendo por tal a non presentación de algún dos documentos esixidos ou a presentación dos mesmos en forma distinta a esixida dará lugar á non admisión pola mesa de contratación, rexeitando a proposición sen que se abran o resto dos sobres aportados polo licitador.

A mesa poderá previamente, de ser preciso, solicitar cantos informes técnicos considere e se relacionen co obxecto do concurso.

A mesa de contratación elaborará un listado de licitantes admitidos/as e dos excluídos motivadamente do que dará conta na mesa para a apertura do sobre B.

Unha vez cualificada a documentación administrativa presentada, e emendada no seu caso, procederase, en acto público e nun prazo non superior a sete días naturais que se contarán dende a apertura da documentación, á apertura dos sobres B) " oferta económica e documentación cos demais criterios de adxudicación" e a súa valoración, de acordo cos criterios establecidos neste prego. O acto público se celebrará no lugar, data e hora que se sinalen no taboleiro de anuncios do Concello ou no perfil do contratante.

Co mesmo realizará a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o concurso de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

Asemade a mesa de contratación confirmará a presentación da solicitude de regularización e abono do importe que corresponde por parte dos titulares das licenzas nº 1 e nº 3, de terse presentado.

DUODÉCIMA.–Garantías.

O órgano de contratación atendendo á natureza do contrato exime da prestación da garantía definitiva posto que cada licitador adxudicatario debe aboar o importe económico ofertado con carácter previo ao comezo do servizo.

DÉCIMO TERCEIRA.–Gastos.

O adxudicatario queda obrigado ao pago dos anuncios de licitación, ata un máximo de 600 euros, e Impostos que procedan.

DÉCIMO CUARTA.–Adxudicación e órgano competente. Publicación e notificación.

1. Clasificadas por orde decrecente pola mesa de contratación as proposicións presentadas conforme aos criterios de adxudicación sinalados neste prego, podendo solicitar para elo cantos informes técnicos estime pertinentes, a Alcaldía (por delegación do Pleno) requirirá aos 7 licitadores que presentaran a oferta en conxunto máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, acheguen polo Rexistro do Concello de Rianxo:

- a) A documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Rianxo, e da Seguridade Social.
- b) A comunicación da marca, modelo e características do vehículo asignado á prestación do servizo e indicación do réxime de disposición (titularidade, arrendamento ou outros) mediante a presentación da documentación do vehículo en cuestión ou pre-contrato coa entidade comercial.
- c) Borrador da póliza para a cobertura da responsabilidade civil ilimitado polos danos que se puideran ocasionar.
- d) Abono mediante transferencia na conta municipal que se indique do importe ofertado na proposición.

No caso dos titulares das licenzas nº 1 e nº 3 non será preciso dito requirimento.

2. De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

3. O órgano de contratación deberá adxudicar o concurso dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, por ilo delégase polo Pleno na Alcaldía a devandita adxudicación.

4. A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil do contratante e no BOP.

DÉCIMO QUINTA.–Comezo da prestación do servizo.

O concesionario/a da licenza de autoturismo, deberá iniciar a prestación nun prazo máximo de 60 días naturais dende a data da notificación da concesión da licenza, trala aportación correcta da documentación para a adxudicación.

No caso dos titulares das licenzas nº 1 e 3 que se presentaran continuaran o servizo.

DÉCIMO SEXTA.–Requisitos a cumprir polos titulares da licenza de auto-turismo

1. O/a concesionario/a das novas licenzas de autoturismo, antes do inicio da prestación do servizo, deberá acreditar o cumprimento dos seguintes requisitos:

- Acreditación do pagamento na Tesourería Municipal do importe da adxudicación.
- Acreditación da disposición do vehículo que se vai a adscribir o servizo de auto-turismo e de que o mesmo cumpre os requirimentos técnicos que sexan esixidos pola normativa vixente.
- Presentación da copia de póliza de responsabilidade civil que cubra os danos e prexuízos que se poidan ocasionar ós usuarios con ocasión do servizo de transporte que realicen. Será tamén obrigatorio presentar copia da póliza de seguros que cubra tódolos demais riscos ós que obriga a lexislación específica.
- Estar en posesión do permiso municipal de conductor.

No caso dos titulares das licenzas nº 1 e 3º que solicitaran regularización non será preciso.

2. O incumprimento de calquera destes requisitos por parte do concesionario determinara a anulación da adxudicación, podendo a Alcaldía, por delegación plenaria, proceder a unha nova adxudicación ao seguinte candidato por orden de puntuación no concurso.

DÉCIMO SÉTIMA.–dereitos e obrigas do titular da licenza.

Os dereitos e obrigacións do titular da licenza son os que nacen deste prego, que terá carácter contractual, e da licenza outorgada polo municipio, así como os derivados da Lexislación aplicable, así como da ordenanza municipal reguladora do servizo.

DÉCIMO OITAVA.–Recursos administrativos e xurisdicionais.

Os acordos correspondentes do órgano de contratación, ou órgano en quen delegue, porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Contra os mesmos pode interpoñerse recurso potestativo de reposición, de conformidade coa Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o ditou, ou recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora de dita xurisdición, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados a partir da notificación do acordo (artigos 109 e 118 da LRXAP e artigo 46 da LXC).

ANEXO I (a introducir no SOBRE A: "CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE LICENZA DE AUTOTURISMO NO CONCELLO DE RIANXO")

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE ADXUDICACIÓN DE LICENZAS DE AUTOTURISMO DO CONCELLO DE RIANXO 2013

Nota: non efectuar neste documento nin noutro incluído no sobre A ningunha referencia ao contido do sobre B xa que logo o licitador será excluído, posto que non se trata da dunha proposición secreta ata a apertura do sobre B.

D _____, con DNI / NIF/
NIE nº _____ con domicilio en _____, coñecedor da
convocatoria pública para adxudicación de licenzas de auto-turismo, para a prestación do servizo de vehículos de aluguer sen aparello taxímetro, **SOLICITA** participar nesta convocatoria e ademais:

A) Declara que cumpre todas as condicións establecidas nesta e afirma:

- Non haber sido sancionado con anterioridade por falta cualificada grave ou moi grave.
- Non encontrarse incurso en ningunha das prohibicións para contratar conforme ao artigo 49 LCSP.
- Non ser titular doutra licenza de auto-turismo ou telo sido nos 10 anos anteriores e ser obxecto de revogación ou caducidade.
- Non estar incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público e acharse ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, Comunidade Autónoma e facenda municipal e para coa Seguridade Social, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito, se efectúe antes da adxudicación de resultar un dos adxudicatarios do contrato.

B) Comprométese, de resultar adxudicatario dunha das licenzas:

- explotar a licenza persoalmente, en réxime de plena e exclusiva dedicación e de incompatibilidade con outra profesión, conforme ó modelo que se achega como anexo II destas bases.
- dispoñer dun vehículo da categoría de turismo que cumpra o esixido para a prestación deste servizo en titularidade no prazo de 30 días contados dende a data de adxudicación definitiva, e que a súa capacidade máxima será de cinco prazas, incluída a do condutor (o que de ser adxudicatario figurará no permiso de circulación e certificado de características do vehículo) e cunha antigüidade non superior a dous anos dende a primeira inmatriculación.
- concertar unha póliza de responsabilidade civil ilimitada polos danos que se causen con ocasión do transporte.

C) Achego para tal fin a DOCUMENTACIÓN que indico de seguido:

- Documento de identificación (DNI, NIF, NIE...)
- Permiso de conducción de clase BTP, ou certificado da súa posesión.
- Certificado médico acreditativo do esixido no apartado d) da base 2ª.
- Certificado relativo a non comisión de delito ningún durante os dous anos inmediatamente anteriores a fecha da solicitude.
- Informe de institución financeira para acreditar a solvencia económica.

Para emenda de documentación poderán remitila polo seguinte medio (imprescindible a indicar):

- nº fax:.....
- correo electrónico:.....

.....,.....de.....de.....

O interesado

D/Dª..... (sinatura)

ANEXO II.- MODELO DE INFORME DE INSTITUCIÓN FINANCEIRA
(a presentar unicamente cuberto por unha entidade financeira)

D.....en condición de
.....desta entidade estima que
D.....reúne a suficiente solvencia económica- financeira
para presentarse ao CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE LICENZA DE AUTOTURISMO NO CONCELLO DE RIANXO.

.....,.....de.....de.....

D/Dª.....

ANEXO III (a figurar no interior do SOBRE B “CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE LICENZA DE AUTOTURISMO NO CONCELLO DE RIANXO”)

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA E OUTROS CRITERIOS

D./Dna., con enderezo
en....., e provisto do

D.N.I./NIF/ NIE núm.en nome propio ou en representación de
....., con enderezo en
....., Tifon. e NIF, enterado das bases do concurso público para a concesión de licenzas de auto-turismo para a prestación do servizo de vehículos de aluguer con condutor sen aparello taxímetro do Concello de Rianxo, toma parte no concurso para a adxudicación da licenza, e a estes efectos fai constar:

1ª.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares do presente concurso.

2ª.- Que oferta a cantidade que se indica pola concesión dunha licenza de auto- turismo con caracter indefinido (**Non poderá ser a cantidade inferior a 6.133,50€ ao ser o tipo mínimo da licitación, de ser inferior será excluído**):

.....euros (.....€) O primeiro en letra o segundo en número. No caso de contradición entre a cantidade en letra e máis no número, darase validez á expresada en letra.

3º.- Compromiso de aportación dun vehículo adaptado para persoas con discapacidade cunha antigüidade non inferior a dous anos dende a data da primeira inmatriculación: Si Non

De efectuar o dito compromiso e logo non aportalo acepto que non se me adxudique ningunha licenza aínda que queden vacantes.

4º.- Condición de condutor asalariado: Si Non

Sendo afirmativo achego xunto coa presente para acreditarlo:

- Permiso municipal de condutor para servizos de auto-turismo.
- Certificado acreditativo dos titulares cos que prestara servizos, con indicación das datas de altas e baixas.
- Certificado de vida laboral completo.

En, a de

Sinatura do licitador/a.

ANEXO IV: MESA DE ADXUDICACIÓN LICENCIAS AUTO-TURISMO

Para a presente Convocatoria, estará composta por:

- Presidente: Alcalde ou Concelleiro Delegado de Servizos.
- Secretario: Secretaria municipal ou no seu defecto, funcionaria auxiliar administrativa de Servizos Xerais.
- Vogais:
 - Secretaria Municipal.
 - Interventor/a Municipal.
 - Xefe da Policía Local ou policía en quen delegue.

ANEXO V: SOLICITUDE DE REGULARIZACIÓN

D./Dna., con enderezo en....., e provisto do D.N.I./NIF/ NIE núm.en nome propio ou en representación de
....., con enderezo en
....., Tifon. e NIF, e SENDO TITULAR DA LICENZA Nº estou enterado das bases do concurso público para a concesión de licenzas de auto-turismo para a prestación do servizo de vehículos de aluguer con condutor sen aparello taxímetro do Concello de Rianxo, e do proceso de regularización do tempo de concesión da licenza que detento.

Polo exposto e a estes efectos fago constar:

1ª.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares do presente concurso e regularización.

2ª.- Que presento a solicitude de regularización do tempo de concesión da licenza que detento.

3º.- Que achego xustificante do abono da diferenza da cuota coa xa ingresada na adxudicación anterior coa estipulada como mínima neste novo proceso.

4º.- Declaro que sego a reunir todos e cada un dos requisitos esixidos ao titular da licenza como aos condutores e ao vehículo que se me esixiron na anterior adxudicación nas mesmas condicións que acreditei daquela.

En, a de

Sinatura do licitador/a.

O alcalde destaca que se aproveita que se aproba un novo concurso para dar unha oportunidade aos titulares das licenzas nº 1 e 3 para poder acollerse ao carácter indefinido das novas licenzas previo abono da diferenza co novo prezo, se ben isto é voluntario para eles.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVIZOS, PROTECCION CIVIL E MEDIOAMBIENTE do día 22/04/2013, sendo este favorable.

O alcalde ofrece a palabra e abre o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, Dª. Vanesa Martinez Duran, di que se absterán.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Dª Jose Carlos Gey Hermo, di que tras efectuar o concurso anterior e adjudicarse dúas licenzas vese a necesidade de voltar a licitalo neste caso por tempo indefinido na procura de acadar un maior interese polos aspirantes e permitindo á vez que as dúas licenzas adxudicadas anteriormente por 5 anos podan acollerse ao tempo de concesión indefinida abonando a diferenza co xa ingresado e o novo prezo xunto coa solicitude de regularización. Deste xeito acadase un tratamento igualitario e os titulares das licenzas nº 1 e nº3 poden facer fronte á amortización dos vehiculos novos que mercaron para a prestación do servizo.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dª. Adelina Ces Quintáns, di que a apoian.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por 10 votos a favor (os 6 DO BNG e 4 do PSdeG-PSOE), 3 abstencións (as dos membros do PP) e cero votos en contra, dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

7.- DERROGACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE TELEFONÍA MÓBIL

O Alcalde comenta a proposta que consta no expediente e facilitada aos concelleiros:

<< De conformidade co previsto no artigo 15.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais -TRLRHL-, "salvo nos supostos previstos no art.º 59.1 desta lei, as entidades locais deberán acordar a imposición e supresión dos seus tributos propios, e aprobar as correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras destes. "

Á vista da Sentenza do TSXG 00802/2012 dictada o 10/12/2012 pola Sala do Contencioso Administrativo, Sección 4º no Procedemento ordinario 15114/2010 sendo recorrente Telefonica Moviles España SA. e cuxo fallo di textualmente:

<<que estimamos parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto pola entidade mercantil TELEFONICA MOVILES, S.A. contra o acordo do Concello de Rianxo, de data 21/12/2009 (Boletín oficial da Provincia do 24/12/2009) polo que se aproba definitivamente a Ordenanza reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía mobil. En consecuencia declaramos contrarios a Dereito, anulándoos, os particulares consignados no parágrafo final do fundamento de dereito segundo da presente resolución. Desestimamos o recurso no restante. Sen efectuar pronunciamiento en orde a imposición de costas procesais.>>

Emitido o preceptivo informe de intervención con data 19/04/2013.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Derrogar a Ordenanza Fiscal Reguladora ordenanza do Concello de Rianxo reguladora da "TAXA POLA UTILIZACIÓN OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE TELEFONIA MOBIL"

Segundo.- Expoñer ao público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

Terceiro.- Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación. Neste caso publicarase a derogación definitiva da ordenanza sen texto.>>

O alcalde engade, a instancia da Secretaria, que nestes días tivo entrada no concello a sentenza ditada pola mesma instancia xudicial contra esta ordenanza no recurso interposto pola operadora VODAFONE ESPAÑA, S.L.e con idéntico fallo.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 22/04/2013, sendo este favorable.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, Dª. Vanesa Martinez Duran, di que acatan a sentenza e aproban a derogación, aínda que entenden que quizais este trámite non sería necesario.

A Secretaria aclara, coa autorización da Presidencia, que sendo unha das opcións que da a sentenza, é preciso derrogala para suprimila da normativa municipal e dar fin á súa vixencia.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Dª Jose Carlos Gey Hermo, di que a pesar de que aprobaran a proposta estan en desacordo coa actuación do goberno estatal que ten regulado en contra do disposto pola Unión Europea e que da lugar a estas sentenzas que privan deste rédito á Facenda municipal xa que a normativa estatal é taxante non permitindo de ningún xeito cobrar respecto das empresas de telefonía mobil.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que tamén acatan a sentenza pero cárgase como sempre nos concellos que así se ven privados deste ingreso.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por unanimidade dos 13 membros presentes (os 6 DO BNG e 4 do PSdeG-PSOE e 2 dos membros do P) dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

8.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4^o do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

A Presidencia pregunta se hai mocións.

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

As 3 concelleiras do PP abandonan o salón de plenos ás 20:22 minutos.

6.1.- MOCION DO BNG a prol do Mantemento dos xulgados de Paz e gratuidade dos rexistros civís (RXE nº3028, do 23 de abril).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Adelina Ces Quintans que defende a urxencia a tenor da tramitación do anteproxecto de lei.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 10 concelleiros dos 17 que legalmente constitúen a corporación, por tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintans, lee a proposta:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As recentes noticias publicadas en prensa, así como os borradores de reforma da lei orgánica do poder xudicial e do Rexistro Civil, veñen a pór de manifesto que o goberno do PP no Estado quere eliminar tanto os Xulgados de Paz como os rexistros civís, de tal forma que estes últimos pasan a ser competencia dos Rexistros da Propiedade.

A proposta do Goberno central avoga claramente pola desaparición dos Xulgados de Paz, ao figurar que a potestade xurisdiccional se exercerá "con exclusividade nos seguintes tribunais: Tribunal Supremo, Audiencia Nacional, Tribunais Superiores de Xustiza e Tribunais de Instancia". Os Xulgados de Paz xogan un papel moi importante no achegamento da administración de Xustiza ás persoas usuarias deste servizo público, ao realizaren trámites de auxilio xudicial que lles evitan desprazamentos e custes económicos, como son, entre outros, as citacións e notificacións xudiciais, a realización de conciliacións. Xa que logo, a súa supresión vai afectar negativamente a moitas persoas ao desapareceren estes órganos de apoio xudicial básicos, que existen en todos os concellos, sen máis alternativa que a concentración nos xulgados de instancia, que só están localizados en determinadas cabeceiras de comarca e nas cidades.

No que atinxe á modificación dos Rexistros Civís, non só se aborda a súa eliminación de xeito parello á desaparición dos Xulgados de Paz, senón que ademais se encomenda a súa competencia a rexistradores/as da Propiedade. Dese xeito, un servizo até o de agora gratuito pasará a ser de pago, como manifestou o propio colectivo de rexistradores/as que, en principio, mantén unha postura remisa a asumir esas competencias, "se non queda absolutamente claro que as persoas usuarias custearán o servizo". Neste caso, afectará a una ampla maioría, pois serán todas as persoas que

precisaren expedir documentos básicos para acreditar a súa situación persoal, que á súa vez son imprescindíbeis para cobrar pensión, prestacións de servizos sociais ou axudas públicas.

Por tanto, é evidente, que as pretendidas reformas, non van en beneficio da maioría das persoas, senón que se fan con criterios única e exclusivamente economicistas e corporativistas, fomentando o pago directo a determinados funcionarios/as públicos por un servizo que debe ser gratuíto, alén de iren na dirección contraria á modernización da administración de xustiza e do Rexistro Civil.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicitamos da Corporación en Pleno, a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Expresar o rexeitamento á proposta do Goberno do Estado relativa á supresión dos Xulgados de Paz e á asunción por parte dos Rexistros da Propiedade e ás Notarías das funcións dos Rexistros Civís, instando ao Goberno do Estado á inmediata retirada deste anteproxecto de lei.
2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno Central o mantemento dos Xulgados de Paz, así como a que se garanta a gratuidade das funcións que prestan os Rexistros Civís.
3. Dar traslado deste acordo ao Goberno central e á Xunta de Galiza.>>

O Voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlo Gey Hermo, intervéñ para dicir que o PP auséntase en momentos importantes como é o que trata a moción que se trae na procura da defensa da gratuidade dos rexistros civís e do mantemento dos xulgados de Paz. Isto supón, unha vez mais, que se restan servizos necesarios e de proximidade aos veciños para lucrar a Notarios e Rexistradores ante os que terán que abonarse os aranceis correspondentes ademais do custe de desprazamento.

O Alcalde engade que se están a mobilizar os traballadores dos xulgados de Paz. Quere deixar claro que o que se acada con esta actuación e facer mais difícil as xestións no municipio co fin único de incrementar os ingresos dos Rexistradores da Propiedade, sendo este por certo a carreira do Presidente do Goberno do Estado, engordando o patrimonio dos titulares, entre eles o Sr. Rajoy para cando volva.

Rematado o debate, procédese a **VOTACIÓN**, e con 10 votos a favor (os dos 6 membros do grupo municipal do BNG e os dos 4 membros do grupo municipal do PSDdeG-PSOE), e cero votos en contra e cero abstencións, dos 10 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

9. ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulan nin hai pendentes de respostar.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:29 minutos, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 20:31 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo